

Estimadas familias:

Poñémonos en contacto con vós para informarvos que a Deputación de Pontevedra reiniciou o programa **“En ruta coa Depo”** dirixido a entidades sociais da provincia de Pontevedra. Este programa ten por obxecto a concesión dunha excursión dentro da provincia de Pontevedra á entidades sen ánimo de lucro coa finalidade de fomentar o tecido asociativo á vez que promociona e dá a coñecer o patrimonio natural, artístico, etnográfico e cultural de proximidade. Solicitaranse as seguintes rutas:

Prioridade 1 Ruta 22 Illas Cíes: Illas Cíes e barrio mariñeiro do Berbés en Vigo. (prioridade para outras asociacións) Esta ruta se realizará solamente cuando opere el barco. Comida tipo pícnic.

Prioridade 2 Ruta 30: Pontevedra e Marín: senda do Río Lérez, Apípolis, Granxa de Briz, Lago Castiñeiras e contorno do Ecoparque (seleccionada pola deputación para Anpas).

Prioridade 3 Ruta 31: Barro: parque da natureza do río Barosa; Campo Lameiro: Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre; Valga: Fervenzas de Raxoi e Pedrafita, área recreativa e praia fluvial de Ponte Valga. (seleccionada pola deputación para Anpas).

Cada participante achegará a cantidade de 13,50 €, que cubrirá o desprazamento de ida e volta en autobús desde os puntos marcados nos seus concellos, a visita guiada por unha persoa habilitada como guía de turismo especializada de Galicia e o xantar (cada menú constará, polo menos, de dous pratos, sobremesa, café ou infusión e bebidas: auga e viño branco ou tinto), a excepción do xantar tipo pícnic admitido para as rutas no Parque Nacional MarítimoTerrestre das Illas Atlánticas (Illas Cies)de Galicia. O prezo que aboarán as e os participantes menores de 12 anos poderá ser inferior en función da oferta presentada pola empresa adjudicataria do programa. (anos anteriores aboaron 8 euros, os menores de 3 anos de balde)

Pódense anotar familiares e amigos das familias, teñen prioridade os socios do anpa. Solicítase, para a súa realización, datas en sábado anteriores ó fin de curso (maio, xuño). Unha vez confirmada a ruta e a data se non vos é posible podedes borrarvos. É preciso un mínimo de 54 participantes, (34 se solicitamos autobús adaptado para persoas con mobilidade reducida con cadeira de rodas)

É unha Actividade que queremos levar a cabo xunto coas Anpas de Igrexa e Penedos .

Todas aquelas familias que por carecer de recursos económicos suficientes non poden facerse cargo, a Deputación asumirá a totalidade do custo, previo informe dun/ha traballadora/o dos servizos sociais comunitarios municipais.

Precisamos que vos anotades se estades interesados e cubrades e devolvades a través dos titores, buzón o mail.

Un saúdo

DATA FIN DE INSCRIPCION ATA O 24 DE FEBREIRO

Datos dos participantes

Recortar

Nome e apelidos:.....

Dni:.....

Nome e apelidos:.....

Dni:.....

Nome e apelidos:.....

Dni:.....

Nome e apelidos:.....

Dni:.....

Nome e apelidos:.....

Dni:.....

